

# **GUÍA DOCENTE**

## **TRABALLO FIN DE MASTER**

## 1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

### Master en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

CÓDIGO	P3281116	NOME	Traballo Fin de Master (TFM)		
CURSO	1º	SEMESTRE	2º	IDIOMA	Castelán, galego
CRÉDITOS	6 ECTS	HORAS DE TRABAJO	150		

A presente guía concreta os apartados incluídos no “Regulamento do TFM do Master en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (aprobado polo Consello de Goberno da USC do día 28 de setembro de 2018).

## 2. NATUREZA E OBXECTIVO

O TFM ten como obxectivo a elaboración por parte do alumnado, de forma individual ou en grupo, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación. Todos os TFM incluírán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración da información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Conforme se indica na Memoria do título, o TFM deste master relaciónase directamente coa competencia xeral terceira que sinala que os estudantes saberán comunicar conclusións e as razóns últimas que sustentan os coñecementos expostos a públicos especializados e non especializados, dun modo claro, sen ambigüidades e cos requisitos esixibles a todo traballo científico, e que o resto das actividades non presenciais da materia gardarán relación co proxecto que cada estudante decida realizar, e que, polo tanto, as actividades e a súa relación co resto das competencias xerais e específicas poden variar en función das características de cada proxecto concreto.

## 3. COMPETENCIAS

- Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sosteñan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro, sen ambigüidades e cos requisitos esixibles a todo traballo científico.

- Que os estudantes sexan quen de deseñar programas para a realización de actividades educativas en contornas naturais, en concreto saberá deseñar unha actividade educativa orixinal sobre unha contorna natural previamente elixida.
- Que os estudantes sexan quen de coordinar e dirixir organizacións relacionadas coa educación en contornas naturais.
- Que os estudantes sexan quen de avaliar os resultados das actividades e programas desenvolvidos.
- Que os estudantes desenvolvan a capacidade de valorar a riqueza educativa do medio natural e construír recursos para a realización de actividades.
- Que os estudantes sexan quen de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais e desenvolver a capacidade de comunicación.

#### 4. CONTIDOS

Dado que cada alumno/a disporá dun\ha titor/a que o orientará na elección e realización do seu TFM, serán estes os que proporán unha oferta ampla de posibles traballos a desenvolver que, con independencia dos seus obxectivos, metodoloxías e contidos concretos, deberán axustarse formalmente ao modelo xeral de TFM que se desenvolve nesta guía docente e de ser o caso nas liñas de investigación que o profesorado propoña e que estará a dispor do alumnado na páxina web da Facultade no apartado de “master DAEN” ([http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html)).

A realización do TFM conterà como mínimo os seguintes apartados.

1. Orientacións verbo do TFM.
2. Defensa pública do TFM.

#### 5. BIBLIOGRAFÍA

Debido a que a temática das diferentes investigacións é moi ampla, a bibliografía específica de cada unha será consensuada con cada titor/a do TFM pero a modo de orientación de como debe realizarse una investigación propónse a seguinte como bibliografía básica e de apoio:

Acosta, L. E. (1972). *Guía práctica para la investigación y redacción de informes*. Buenos Aires: Paidós.

- Anguera, M. T. (1991): *Manual de prácticas de observación*. México: Trillas.
- Bisquerra, R. (1989). *Métodos de investigación educativa: guía práctica*, Barcelona: Ceac.
- Campos A. (2009). *Métodos mixtos de investigación: integración de la investigación cuantitativa y la investigación cualitativa*. Bogotá: Cooperativa Editorial Magisterio.
- Cardina, M.C. (2002). *Introducción a los métodos de investigación en educación*. Madrid: EOS.
- Clanchy, J. (2000). *Cómo se hace un trabajo académico. Guía práctica para estudiantes universitarios*. Zaragoza: PUZ.
- Cohen, L. (2002): *Métodos de investigación educativa*. Madrid: La Muralla.
- Festinger, L. e Katz, D. (Comps) (2004): *Los Métodos de investigación en las ciencias sociales*. Barcelona: Paidós.
- García, M. P. (2012). *Guía práctica para la realización de trabajos fin de grado y trabajos fin de máster*. Murcia: Editum.
- Hammersley, M. (1994). *Etnografía: métodos de investigación*. Barcelona: Paidós.
- Heinemann, K. (2003). *Introducción a la metodología de la investigación empírica en las ciencias del deporte*. Barcelona: Paidotribo.
- Marin, M. (2015). *Escribir textos científicos y académicos*. México: FCE.
- Mercado. S. (2000). *¿Cómo hacer una tesis?: tesinas, informes, memorias, seminarios de investigación y monografías*. México: Limusa.
- Morse, J. M. (2005). *Asuntos críticos en los métodos de investigación cualitativa*. Alicante: Universidad de Alicante.
- Ragin, Ch. C. (2007). *La construcción de la investigación social: introducción a los métodos y su diversidad*. Bogotá: Siglo del Hombre Editores.
- Sabirón Sierra, F. (2006). *Métodos de investigación etnográfica en ciencias sociales*. Zaragoza: Mira Editores.
- Taylor, S.J. (1992). *Introducción a los métodos cualitativos de investigación: la búsqueda de significados*. Barcelona: Paidós.

## 6. ASIGNACIÓN DE TITORES/AS

O alumnado será informado das liñas de traballo e investigación e dos titores/as e a súa oferta que corresponda á PDA para o curso académico correspondente a través dos

medios telemáticos que a coordinación estime en cada caso, as cales, tamén será publicadas no apartado do master DAEN da páxina web da Facultade ([http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html)). Posteriormente celebrarase unha reunión co alumnado onde se lle informará dos procedementos relacionados co TFM en canto a coordinación dispoña dos datos definitivos en relación coa mencionada PDA e coa matrícula do alumnado.

O alumnado realizará a escolla de titor/a seguindo o procedemento que a coordinación do TFM acorde, e que será comunicada ao alumnado en tempo en forma. No caso de TFM grupais (ver Apartado 7 desta guía docente), o alumnado implicado debe comunicar á coordinación de TFM a composición do grupo con antelación á data de elección e asignación.

Aquel alumnado con procesos de elaboración de TFM iniciados en cursos académicos anteriores deberá continuar co titor/a asignado/a nesa ocasión, de tal xeito que, poderá continuar traballando baixo a supervisión do/a titor/a que tiña ata o momento sempre o/a docente de quen se trate se comprometa a asumilo por riba da súa cota (neste caso o titor debe comunicar á coordinación de TFM a súa disposición antes da devandita reunión). En caso de que non se reúnan estas condicións, o/a alumno/a deberá cambiar de titor/a e realizar unha nova escolla.

## 7. MODALIDADES E APARTADOS

O TFM pode responder a diferentes modalidades: a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto; b) proxecto de investigación; c) proxecto de innovación educativa; d) proxecto de intervención educativa; e) investigación de base, etc. É tamén posible combinar varias destas modalidades.

O TFM poderá ser elaborado de forma individual ou en grupo. Neste último caso o traballo deberá contemplar unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. O título do traballo será único e a cualificación será individual para cada membro do grupo.

De maneira xeral, e agás para os casos contemplados no seguinte parágrafo, o TFM debería conter os seguintes apartados: Portada (de acordo co modelo dispoñible na páxina web da Facultade), Resumo (máximo de 250 palabras) e 5 palabras chave (tanto

o resumo como as palabras chave deben redactarse en galego, castelán e inglés), Índice paxinado, Introducción (poderá incluír unha xustificación do tema elixido, problema/s ao que se busca dar resposta, hipóteses iniciais de traballo, avance da estrutura do traballo, etc.), Fundamentación teórica (situar o traballo dentro do seu contexto de estudo por medio da consulta bibliográfica que sexa pertinente; Obxectivos, Metodoloxía, desenvolvemento ou estudo dunha experiencia (Esta última pode ser unha achega bibliográfica e documental, estudo de casos, indagacións empíricas, investigación-acción ou outros tipos de traballos, pero sempre en relación ao desenvolvemento das competencias esixibles na titulación), Resultados, Conclusións, Referencias, Anexos (de haberlos).

De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.), o TFM poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.

## 8. PRESENTACIÓN FORMAL

Unha vez realizada a asignación de titores/as, o alumnado terá que presentar ante o coordinador do TFM unha proposta de TFM (pode descargarse o documento para a súa presentación na páxina web da Facultade, ([http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html)) que será examinada e sometida a aprobación pola Comisión do título. A Comisión poderá manifestarse sobre a viabilidade ou pertinencia do tema escollido para a realización dos TFM, podendo ditaminar o rexeitamento das propostas ou propoñer a súa “aprobación condicional”, quere dicir, pendente de que nela se realizasen os cambios ou suxestións que a Comisión estime pertinentes dentro do prazo que se estableza. No caso de que a Comisión acorde non aceptar unha proposta de TFM ou a súa “aprobación condicional” elaborará un escrito xustificativo da decisión adoptada que o coordinador do TFM fará chegar ao autor/a e ao titor/a do TFM.

As propostas de TFM realizaranse dentro do prazo establecido no calendario do TFM. A estes efectos, dende a Coordinación do Master proporanse para cada curso académico tres datas de entrega límite que se farán públicas xunto co calendario do

TFM. A primeira data propórase no primeiro semestre e a ela poderanse presentar as propostas de TFM do alumnado que no curso/s anterior/es non puidesen presentalo e queiran defendelo na oportunidade de febreiro; as outras datas situarase no segundo semestre e estará destinada á entrega das propostas do alumnado de nova incorporación do curso académico en vigor para a oportunidade de xuño e para a de setembro.

Todo TFM debe seguir as seguintes pautas. Máximo de 35 páxinas de corpo do traballo contadas entre o comezo da introdución e a finalización das conclusións (Polo tanto, excluídas as dedicadas á portada, resumos, índice e as de referencias), e de 25 páxinas de anexos. Por razóns xustificadas diante da Comisión do Título, o número máximo de páxinas de anexos pode aumentarse. No caso de TFM colectivo, o número de páxinas de corpo do traballo e de anexos poderá axustarse en proporción ao número de autores.

O documento do TFM deberá anexarse en formato PDF á solicitude de defensa a través da Secretaría Virtual do/a estudante. Ademais, o alumnado debe entregar tres exemplares en papel (encadernadas con espiral e sen tapas plastificadas), nos mesmos prazos que se fixen para a entrega a través da Secretaría Virtual e conforme ás normas de estilo autorizadas ou recomendadas pola Comisión do Título e expresadas nesta guía docente ao coordinador do TFM.

A portada debe seguir o modelo oficial (dispoñible na páxina web da Facultade: Master DAEN ([http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html))). Incluirá a seguinte información: titulación, oportunidade (febreiro, xullo ou setembro), ano, título en galego, castelán e inglés e nome(s) do/a(s) alumno/a(s) e nome do/a titor/a. O TFM realizarase en letra tipo “Times New Roman” de 12 puntos cun espaciado de 1.5. Folios formato DIN A4. Marxes xustificadas: 2.5 cm. nas marxes superior e inferior, e 3 cm. nas marxes dereita e esquerda. Tanto as citas como as referencias, formato de táboas e figuras deben seguir as normas APA na súa última edición (dispoñibles na páxina web da Facultade: apartado master DAEN).

## 9. ORIXINALIDADE DOS TRABALLOS

Conforme se recolle no Artigo 12.1 do Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Master na Universidade de Santiago de Compostela, os TFG e TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

Calquera intento de plaxio ou fraude na autoría deberá ser notificado polo/a titor/a ou tribunal que o detecte remitindo por escrito á Coordinación de TFM as circunstancias específicas e antecedentes do acto de avaliación no que se aprecia a incidencia. A estes efectos enténdese por acto de avaliación calquera actividade conducida tanto á avaliación do proceso (por exemplo, sometemento a corrección dun borrador ou versión previa do TFM) coma do produto (avaliación de versión final do mesmo). Unha vez recibido o escrito, a Coordinación de TFM solicitará unha reunión da Comisión do Título para o estudio do caso.

De confirmarse o intento de plaxio ou fraude na autoría aplicarase o Artigo 16 da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela que establece que a realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba exixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o/a alumno/a infractor. Ao respecto deste proceso disciplinario, o incumprimento será posto en coñecemento da Reitoría.

## 10. DEFENSA E AVALIACIÓN

Os prazos para as solicitudes de defensa e entrega do TFM, así coma as datas para as defensas publicaranse no apartado do master DAEN da páxina web da Facultade ([http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html))

Tanto a solicitude de defensa coma a entrega do documento co TFM realizarase a través da Secretaría Virtual do/a estudante.

Para o acto de defensa do TFM, o titor/a deberá emitir un informe confidencial sobre o seguimento do traballo, que fará chegar á coordinación do TFM a fin de que este sexa entregado antes do acto de defensa do TFM ao presidente/a do tribunal. Este informe poderá ser todo o detallado que o titor ou titora considere oportuno, e deberá incluír, como mínimo, información sobre: asistencia regular ás sesións programadas, interese e implicación, e grao de cumprimento dos obxectivos programados.

No caso de TFM realizado en grupo, o/a titor/a deberá sinalar, para cada estudante implicado, e a maiores das informacións xa indicadas, outras que atendan ao seu grao de compromiso co traballo grupal e á súa capacidade de realizar achegas para o correcto desenvolvemento do TFM. O tribunal terá en conta o informe para os efectos que considere oportunos, e emitirá a súa valoración definitiva despois da lectura do devandito informe.

Unha vez completado sen incidencias o proceso de elaboración do TFM, a avaliación final do traballo realizarase a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal.

A defensa do TFM realizarase de xeito presencial. Non obstante, para casos excepcionais debidamente autorizados pola Comisión do Título, poderá realizarse a defensa a través de medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

O alumnado que, unha vez entregado o traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente ao acto público de defensa do TFM na data sinalada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

Para a defensa do TFM, o alumnado disporá dun máximo de vinte minutos e poderá empregar os medios técnicos que considere oportunos, ou outros formatos de defensa pública sempre que previamente o alumno ou alumna interesada llo tivera solicitado por escrito e coa debida antelación á Comisión do Título. Logo, os membros do tribunal contarán tamén cun máximo de vinte minutos para efectuar as preguntas que entendan precisas, e o alumnado disporá así mesmo de quince minutos para contestalas. No caso de TFM realizado en grupo, o tempo de exposición e defensa poderá aumentarse proporcionalmente en función do número de membros do grupo.

## 11. CUALIFICACIÓN E REVISIÓN

A cualificación do TFM resultará nun 70% da avaliación do traballo escrito e nun 30% da súa exposición e defensa pública. Na valoración do traballo escrito teranse en conta tanto os aspectos formais como de contido.

Existe unha rúbrica para a avaliación do TFM que, de maneira obrigatoria, será empregada polos docentes membros dos tribunais avaliadores, e servir de referencia

para o alumnado (dispoñible na páxina web da Facultade: master DAEN ([http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html))).

As cualificacións situaranse entre 0 e 10 e outorgaranse de acordo coa seguinte escala numérica:

Non presentado

0-4.9 (Suspenso)

5.0-6.9 (Aprobado)

7.0-8.9 (Notable)

9.0-10 (Sobresaliente)

Se os membros do tribunal non chegan a un acordo sobre a cualificación, a nota final será o resultado da media aritmética das tres cualificacións outorgadas polos integrantes do tribunal.

A revisión será persoal e caso de avaliación a cargo do tribunal, a revisión poderá realizala un ou varios dos seus membros. . En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante documento asinado por ambas partes.

Concesión da mención de Matrícula de Honra (MH). Só poderán optar a esta mención os TFM que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9. O presidente/a de cada tribunal será o encargado de informar á Comisión do Título as mencións de Matrícula de Honra que propón, de ser o caso. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os TFM correspondentes ao curso académico, e a súa concesión correspóndelle á Comisión do Título. No suposto de haber máis propostas de MH das que poidan outorgarse, a Comisión do Título reunirse para a valoración da nota media dos candidatos/as, resultando outorgada a MH a aquel estudante que posúa a nota media de expediente máis alta.